



MELLORA DA SINALIZACIÓN E DA SEGURIDADE DO TRÁFICO.

Dona Teresa Rey Pazos, Concelleira do Grupo Mixto por Veciños de Padrón, presenta para ser tratada e votada no Pleno Ordinario da Corporación, do xoves, 31 de xaneiro, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como ben sabemos, a seguridade vial constitúe un pilar básico e fundamental nas políticas das diferentes Administracións competentes na materia.

Máis aínda nun Concello das características de Padrón, que contando cun amplo número de pequenos núcleos rurais nos que a mobilidade, especialmente en automóvil, vólvese un factor clave na vida cotiá da veciñanza.

Por outra banda, tampouco debemos de olvidar que a posición xeográfica do noso Concello, clave no Eixo Atlántico, convérteo nun punto de tránsito ineludible dun importante fluxo automovilístico. A consecuencia do cal as estradas pertencentes a nosa demarcación territorial asumen unha ampla presión derivada do desplazamento diario dun gran número de persoas.

Nos últimos meses o Concello puxo en marcha un proxecto de renovación das sinais pero centrada unicamente no fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos esquecendo e non contemplando algo tan fundamental como o mantemento e sinalización de tráfico que proporciona as persoas usuarias unha seguridade vial carente en moitos puntos do Concello nestes momentos.


Así podemos atopar nos diferentes lugares do Concello “ineficiencias” na instalación e mantemento da sinalización que poñen en perigo a seguridade das persoas usuarias das mesmas. Sirvan de exemplo os seguintes pero consideramos unha revisión completa da sinalización das sinais de tráfico no termo municipal para localizar todas as deficiencias existentes:

- Unha incorrecta sinalización no acceso a PO-214 dende a estrada da aldea de Cortiñas onde non hai ningunha sinal de Stop.
- Precario estado das sinais en Morono ou en Vilar.
- Unha moi deficiente sinalización no cruce da Avenida Estación coa AC-242 a altura da ponte do canal que leva a confusión das persoas conductoras que acceden a dita estrada por dirección prohibida.

Por todo o anteriormente exposto consideramos que debemos propoñer os seguintes **ACORDOS:**

- 1.- Que se revise a sinalización correspondente ao tráfico e en consecuencia á seguridade viaria no termo municipal.
- 2.- Que se tomen as medidas necesarias para o seu mantemento, reparación e nova sinalización de ser necesario.

En Padrón, a 21 de xaneiro de 2019



Dona Teresa Rey Pazos

**SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO
DE PADRÓN**